



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA NOVE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

**Expte: 2024/G007/000023**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e vinte minutos do día nove de xullo de dous mil vinte e catro, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 344 de data 8 de xullo/2024 e baixo a Presidencia da tenente de alcalde dona Rosa Ana García López: don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Tamara Sabín Caamaño. Non asiste por causas xustificadas o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro. E asiste a interventora dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 02.07.24 (ORDINARIA).-**

A tenente de alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 02.07.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-**

#### **A.- Desestimento da solicitude de licenza para edificación de vivenda unifamiliar.-**

#### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DESESTIMENTO DA SOLICITUDE DE LICENZA PARA EDIFICACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR.**

**Expte: 188/2023. Tedec: 2023/U022/000009**

**.- Expte. de obras 188/2023.- SONIA MARÍA MARTINEZ SANDE.**

Vista solicitude presentada o 23-06-2023 por ██████████ en representación de ██████████ para a licenza de edificación de vivenda unifamiliar sita na Travesía Centro de Saúde, 18 en Valdoviño, con referencia catastral nº 9695104NJ6299N0001DJ.

Visto escrito presentado o 25-04-2024 (nº de rexistro de entrada (2024000000680).

Visto o escrito de data 13-06-2024 (nº de rexistro (20249990000947) presentado por [REDACTED] no que DESISTE da TRAMITACIÓN ao expediente de obras 188/2023 para licenza de construción de vivanda unifamiliar, e polo tanto, do arquivo do expediente que se incoou ao efecto.

Consta acreditado no expediente, mediante xustificante bancario o pago das taxas administrativas correspondentes ao trámite e exame de proxecto.

Visto o informe da policía Local de data 2-07-2024, no que se establece:

“(…) Que xirada visita de comprobación á parcela con referencia catastral 9695104NJ6299N0001DJ ubicada na Travesía Centro de Saúde, Valdoviño, que as obras previstas no proxecto anexo ao expediente 188/2023 non foron levadas a cabo a día da data”

Considerando o disposto no **artigo 84 e artigo 94** da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, en relación ao desestimento da solicitude

E visto o disposto no **artigo 26.1 e 103.1** do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, relativos á liquidación da taxa e do ICIO, respectivamente, esta **ALCALDÍA**, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.- Aceptar o desestimento da petición de licenza de obras formulada por [REDACTED]** para a edificación de vivanda unifamiliar sita na Travesía Centro de Saúde, 18 en Valdoviño, con referencia catastral nº 9695104NJ6299N0001DJ., e que deu lugar á apertura do expediente de obras nº : 188/2023 (Tedec: **2023/U022/000009**)

**Segundo.-** Para os efectos do establecido no art. 103.1 da LRHL, e comprobado que non se levaron a cabo as obras solicitadas, **procede rectificar a liquidación provisional de tributos e polo tanto non ha lugar ao pago do ICIO.**

**Terceiro.- Arquivar o expediente de obras 188/2023 (Tedec: 2023/U022/000009)** cos efectos previstos na lei.

**Cuarto.-** Notificar o presente acordo ao interesado, dando traslado dos recursos que proceda interpoñer.

**Quinto.-** Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos

**/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U022/000009).**

**B.-Licenza de obra maior.-**

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

**Expte: 311/2023 Tedec 2023/U022/000020**

**.- Expte. de obras 311/2023.-** [REDACTED] **representada por** [REDACTED] [REDACTED] solicita licenza para as obras de **construcción de vivenda unifamiliar aillada**, nunha parcela situada no lugar de Uceira, 10-12 (referencia catastral nº. 15088A045007920000HR).

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto Básico e de execución de vivenda unifamiliar aillada redactado polos arquitectos Francisco Pérez Rodríguez e Francisco Lera Fernández, achegado o 18/12/2023 e visado o 16/11/2023.
- Subsanación de deficiencias de proxectos básico e de execución de vivenda unifamiliar aillada redactado polos mesmos arquitectos (planos U-01, U-02, A-01, A-02, A-03, A-04 e i-04b), achegado o 03/05/2024 e visado o 02/05/2024.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Francisco Pérez Rodríguez e Francisco Lera Fernández, achegado o 18/12/2023 e visado o correspondente colexio oficial o 16/11/2023. Oficio de Dirección de execución da obra de arquitecto técnico e Coordinado de seguridade e saúde a nome de Juan Filgueiras Peña, achegados o 18/12/2023 e visados polo correpondente colexio oficial o 28/11/2023.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA.**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 02/07//2024 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 05/07/2024 en sentido **FAVORABLE.**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] a **licenza municipal de obras para a construción de vivenda unifamiliar aillada**, nunha parcela situada no lugar de Uceira, 10-12 (referencia catastral nº. 15088A045007920000HR).

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos Francisco Pérez Rodríguez y Francisco Lera Fernández e as condicións sinaladas

no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 02 de xullo de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 555,53 €, ICIO.- 2.555,42 €**

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

**En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández/”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U022/000020).**

**3º.-APROBAR O INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN:  
“REPARACIÓN DE ESTRADAS R/ BOEIRO, AVDA COUCE CASAS, PORTO DO CABO, BROÑO, CARREIRA, TARAZA, PADIN, CAMPON E OUTROS”,  
POS+2024.-**

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA.**

Visto que a Deputación Provincial de A Coruña concede a este Concello unha subvención incluída no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS + 2024 para a obra, **REPARACIÓN DE ESTRADAS R/ BOEIRO, AVENIDA COUCE CASAS, PORTO DO CABO, BROÑO, CARREIRA, TARAZA, PADIN, CAMPÓN E OUTROS.**

Visto a memoria xustificativa de data 18.06.2024 e proposta da Alcaldía, na que o Alcalde informou sobre a necesidade de contratar a obra citada, debido aos motivos indicados na citada memoria; considerándose que o procedemento máis adecuado é o aberto con varios criterios e tramitación urxente, visto o informe técnico da dita necesidade.

Vista a providencia de Alcaldía de data 18.06.2024

Vistos os informes de secretaría de data 18.06.2024 e de intervención de data 03.07.2024, así como o informe do arquitecto municipal, xustificativo da tramitación da urxenza da presente obra.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público

**PROPONSE:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con varios criterios, tramitación urgente, da obra: **REPARACIÓN DE ESTRADAS R/ BOEIRO, AVENIDA COUCE CASAS, PORTO DO CABO, BROÑO, CARREIRA, TARAZA, PADIN, CAMPÓN E OUTROS**, polo prezo de 156.866,47 euros, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de 32.941,96 euros, o que supón un total de 189.808,43 euros.

**SEGUNDO:** Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adjudicación.

**TERCEIRO:** Autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 1532.61900 do orzamento municipal do exercicio 2024.

**CUARTO:** Publicar o corresponde anuncio no perfil de contratos do sector público.

**/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SEÑOR ALCALDE/”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C003/000007).**

#### **4º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/19.-**

##### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

##### **APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/19**

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2024/19 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 2 facturas ascende á cantidade de SETENTA E CATRO MIL VINTE E OITO EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (74.028,37 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

##### **PROPÓN:**

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2024/19 por importe bruto de 74.028,37 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999/000101).**

**5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, a Tenente- Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e pola tenente-alcalde/*